

Poemas

X. RÁBADE PAREDES

*La rosa no,
ni la palabra sola*

(J. A. Valente)

Cando a luz da mañá vén de horizonte
feita muller espida
e o vento macho apalpa
a saia azul das lombas
(duras e apertadiñas como tetas),
vésme ti subterránea con marmurio de fontes,
ou clara e ceo arriba no canto das labercas,
nos leves pés do aire que arrecende a carpanzas...

Vouche sucando en polpas a leira do teu ventre
e déitome na canle silente dos teus seos.

Ando co pensamento collido nas túas nádegas
igual que unha biorta que a cada movemento
do teu corpo soberbio
se envolve máis.
Quero inmenso a túa carne e as túas pernas feitas,
traballadiñas todas con gubio de zoqueiro,
cando te me abres húmida e horizontal na terra,
como a rosa, en silencio.

(De *Poldros de música*)

Sobre cama de ourego,
deusa miña profunda feita de azul e espuma,
chégasmе de horizonte collido nas túas pálpebras
e un acoro de música abrollando na carne...

Como paxaros leves,
confundidos
en remuíños de alas,
ata negar a morte nos amamos.

(De *Poldros de música*)

* * * *

E cando o tempo morra de amar hei de inventarte.
Colleitareite aínda delurada
nos fermentos da terra:

con auga de mencers,
con escumas de area,
con relente de noite,
con silencio de estrelas,
con fósil de palabras,
con acordo de pedra,
con soles aburantes
ou con néboa.

(De *Poldros de música*)